

Der perfekte Coup

Wer interessiert sich für Graffiti an einer zerstörten Wand? Ich werde es euch erklären, niemand. In Zeiten des Krieges ist das Überleben das Einzige, was wirklich zählt. Es sollte so einfach sein. Wir hatten die perfekten Bedingungen: Die Sirenen hatten die ganze Nacht durch geheult und das Knallen der russischen Marschflugkörper den Schlaf der Einwohner Kiews gestört. Sie sollten alle dem Appell des Bürgermeisters folgen und in den Flugabwehrkellern Schutz suchen, die Ruhe des Tages abwarten. Und tatsächlich hatten alle genau das getan. Alle, außer der alten Dame. Sie musste spazieren gehen, mitten in der Dunkelheit, langsam, ihre erschöpften Beine schleppend und ein patriotisches Lied singend. Wir hatten sie angehört, aber sie uns nicht. Die Arbeit war fast erledigt, nur ein Bruchteil des Graffitos stand noch an der Wand. Komm Sascha, Achtung, langsam, da der französische Kunde sehr anspruchsvoll ist. Er will ein vollständiges Kunstwerk und wir müssen liefern. Zwei Millionen Euro für ein Stück Wand ist keine Kleinigkeit. Aber die alte Dame näherte sich. So eine perfekte Gelegenheit würden wir nie wieder finden. Das Graffiti stand da, wartend, und die zwei Millionen waren so nah. Schnell Sascha, jemand kommt, aber leise, die Zeit rast. Und dann, plötzlich, die Hölle eröffnete sich und unsere Handys empfangen die Nachrichten des ganzen Tages. Es war eine Kakophonie der Ringtöne unserer Geräte. Das Mobilfunknetz war mehrere Tage ruhig, wegen des Stromausfalls, und jetzt, im schlechtesten Augenblick, verriet es uns. Die Dame hat diesen Lärm gehört und die Polizei angerufen. Die Arbeit war fast erledigt, als die Beamten ankamen.

Número de palabras: 255

Tradución ao galego:

Un golpe perfecto

Un golpe perfecto A quen lle importa un grafito nunha parede destruída? Vouche explicar, a ninguén. En tempo de guerra, a supervivencia é o único que realmente conta. Debería ser así de sinxelo. Tiñamos as condicións perfectas: as sirenas levaban toda a noite soando e os estrondos dos mísiles de cruceiro rusos perturbaban o sono dos veciños de Kiev. Todos deberían atender o chamamento do alcalde e acubillarse nos sotos antiaéreos á espera da calma do día. De feito, todo o mundo fixera exactamente iso. Todos menos a vella. Tiña que saír a pasear, no medio da escuridade, a modo, arrastrando as pernas cansadas e cantando unha canción patriótica. Sentímola, pero ela non nos sentiu a nós. O traballo estaba case feito, só unha pequena parte do grafito aínda estaba na parede. Vamos Sascha, coidado, paseniño, porque o cliente francés é moi esixente. El quere unha obra de arte completa e nós temos que entregala. Dous millóns de euros por un anaco de muro non son pouco. Pero a vella achegábase. Nunca volveremos atopar unha oportunidade tan perfecta. O graffiti estaba alí, esperando, e os dous millóns estaban case ao noso alcance. Rápido Sascha, vén alguén, pero sen facer ruído, o tempo esgótase. E entón, de súpeto, desatouse todo o inferno e os nosos teléfonos móbiles recibiron as mensaxes de todo o día. Era unha cacofonía de tons de chamada dos nosos dispositivos. A rede móbil estivo en silencio varios días debido aos cortes de luz, e agora, no peor momento, traizoounos. A vella escoitou este ruído e chamou á policía. O traballo estaba case feito cando chegaron os axentes.